Ilmo. Sr. D. Gonzalo Varela Alvariño como Deelegado seu con todas as facultades que tiña como Vicariuo Episcopal de Misión misericordiosa y samaritana.

Ilmo. Sr. D. Xoán Xosé Fernández Fernández como Delegado seu nas funcións de Moddrador da Curia diocesana.

Moi Ilustre Sr. D. Antonio Rodríguez Basanta como Delegado seu no Patronato do Colexio Fundación "Martínez Otero" de Foz

Moi Ilustre Sr. D. Antonio Rodríguez Basanta como Delegado seu no Patronato Fundación Asilo da Santísima Virxe do Carme de Foz

4.2. DELEGACIÓN DO CLERO

4.2.1. Carta do delegado episcopal

Ferrol, 1 de febreiro de 2021

Estimado compañeiro e irmán:

Espero e desexo que te encontres ben de ánimo e con saúde. O motivo desta comunicación como delegado do Clero é variado e con diversos temas:

1º Dadas as circunstancias que nos obrigan a cumprir coa normativa restritiva do COVID-19, non podemos nin debemos ter as reunións presenciais de **formación permanente**, tal como estaba previsto. A maioría de nós somos persoas de risco e temos que ser extremadamente prudentes neste tema. A ver se un pouco máis adiante é posible xuntarnos por zonas ou arciprestados. Dado que o tema inicial de formación é a encíclica *Laudato Si'* do papa Francisco, con motivo do 5º aniversario da súa publicación, podemos lela ou relela persoalmente. Está en internet ou, tamén, podemos adquirila no servizo de libraría do Seminario de Mondoñedo.

2º Temos pendente a **homenaxe das vodas de prata, ouro e diamante** do ano pasado, que non puidemos celebrar como presbiterio diocesano. Neste ano 2021 engadimos aos seguintes compañeiros, por quen oramos e tamén felicitamos:

Vodas de prata (1996):
Jesús Iglesias Rodeiro
Juan José Novo Gabeiras

Vodas de ouro (1971)
Manuel García Page
Luis Manuel Ledo Álvarez
Benedicto Palmeiro Lepina
Félix Villares Mouteira

Vodas de diamante (1961)
Antonio Domínguez Martínez
Manuel López Reigosa
José Antonio Llenderrozos López
Fernando Monterroso Carril
Emilio Prado Piñón
Antonio Río Ituriza
Constantino Teijeiro Valle
José Velo Nieto
Antonio Luis Crespo Prieto

Finalmente oremos e colaboremos c noso Administrador diocesano Antonio Valín neste tempo de interinidade, e pidamos que pronto contemos cun Pastor a semellanza de Cristo o bo Pastor.

Sen máis, recibe un saúdo fraterno.

Antonio Rodríguez Basanta

4.2.2. Misiva a todos os sacerdotes

Ferrol, 8 de marzo de 2021

Estimado compañeiro e irmán:

Novamente me poño en comunicación contigo para convocarte aos **retiros de Coresma** por zonas, pois neste momento, a pesar das restricións do COVID19, permítesenos máis mobilidade.

Estes son os lugares e as datas:

- En Mondoñedo, o vindeiro luns, día 15, no Seminario.

- En Vilalba, o día 16, martes, na igrexa parroquial.

- En Ferrol, o día 17, mércores, na igrexa de Caranza.

Será un encontro máis ben breve e por razóns obvias non quedaremos a xantar. **Comezaremos ás 11** co rezo da Hora intermedia, segue a meditación do noso Administrador diocesano Antonio Valín e a exposición do Santísimo. **Rematamos sobre as 12:30 hs.**

Tamén quero lembrarche, anticipándome á carta e outras informacións que nos fará chegar o Administrador diocesano, que o 19 venres, San Xosé, celebramos o **Día do Seminario**. Neste momento contamos con catro seminaristas maiores: Jaime Iglesias, diácono; Salvador Calvo que rematou os seus estudios eclesiásticos; Darío Trujillo que está en terceiro curso e, a última incorporación, Álvaro Suárez que ten feitos os estudios eclesiásticos e é lector e acólito.

Sen máis, esperando que te encontres ben e con saúde, e coa esperanza de vernos para orar xuntos, recibe un saúdo fraterno.

Antonio Rodríguez Basanta

4.2.3. Nota para as celebracións de Semana

Resumen de las observaciones de carácter general y las de cada una de las celebraciones de la Semana Santa y del Triduo Pascual publicadas por la Conferencia Episcopal Española (3 de marzo de 2021) y adaptadas con las normas sanitarias de la Xunta de Galicia con relación a los lugares de culto.

a) OBSERVACIONES DE CARÁCTER GENERAL

- Siempre que sea posible, desde un discernimiento responsable que ha de hacer cada fiel, se recomienda la **participación presencial en la celebración**, formando parte activa de la asamblea.
- Aquellos fieles que, por razón de edad, enfermedad, o de prudencia sanitaria, no puedan participar presencialmente en las celebraciones, síganlas por **los medios de comunicación**.
- En todas las celebraciones se deberán **respetar las normas emanadas de las autoridades sanitarias** en la lucha contra el virus: el aforo de los templos (1/3 de su capacidad), las **recomendaciones sanitarias e higiénicas** para hacer de los lugares de culto espacios sanos y seguros, el uso de la **mascarilla**, disponibilidad de **gel hidroalcohólico**, **distancia social**, **ventilación de los espacios**, etc.
- **No se podrán realizar actuaciones de coros ni agrupaciones** vocales de canto.
- **Evítese la distribución de cualquier tipo de folleto explicativo** de la celebración, por el riesgo que conllevan ante un posible contagio.
- Se recomienda vivamente que se cuide y fomente **el Sacramento de la Penitencia**. Se ruega a los sacerdotes una mayor disponibilidad para que los fieles puedan celebrar este Sacramento, **con todas las medidas de precaución, distancia social y discreción**.

b) DOMINGO DE RAMOS EN LA PASIÓN DEL SEÑOR

- Para la conmemoración de la entrada del Señor en Jerusalén **se evitará la forma primera descrita por el Misal –procesión–**.

- Se utilizará **la forma segunda –entrada solemne–**, al menos en la misa principal. **Los fieles permanecerán en sus lugares** y se hará la bendición y la proclamación del evangelio desde un lugar, dentro de la iglesia, en el que los fieles puedan ver el rito. En la procesión al altar puede participar una representación de los fieles junto con el celebrante y los ministros.

- Donde no se haga la conmemoración de la entrada del Señor en Jerusalén se utilizará **la forma tercera –entrada simple**–.

c) JUEVES SANTO

- Ha de **omitirse el rito del lavatorio de los pies**.

- No se omita la procesión y la reserva del Santísimo Sacramento para la adoración y la comunión al día siguiente. Facilítese, en la medida de lo posible, **que los fieles puedan dedicar un tiempo de adoración**, respetando siempre los horarios de restricción de la libre circulación de los ciudadanos que se establezcan.

- **Si no se va a celebrar el Triduo completo en alguna iglesia**, no se haga la reserva eucarística solemne. Además, si no se ha celebrado la Misa vespertina de la Cena del Señor, evítese una adoración eucarística desvinculada de dicha celebración.

d) VIERNES SANTO

- En **la oración universal** se utilizará el formulario habitual con el añadido de la intención especial que la Congregación para el Culto Divino y la Disciplina de los Sacramentos publicó el pasado año (Decreto Prot. N. 155/20). El texto de la intención, que se añade entre la IX y la X, es el siguiente:

IXb. Por quienes sufren en tiempo de pandemia.

Oremos también por todos los que sufren las consecuencias de la pandemia actual: para que Dios Padre conceda la salud a los enfermos, fortaleza al personal sanitario, consuelo a las familias y la salvación a todas las víctimas que han muerto.

Oración en silencio. Prosigue el sacerdote:

Dios todopoderoso y eterno,
singular protector en la enfermedad humana,
mira compasivo la aflicción de tus hijos
que padecen esta pandemia;
alivia el dolor de los enfermos,
da fuerza a quienes los cuidan,
acoge en tu paz a los que han muerto
y, mientras dura esta tribulación,
haz que todospuedan encontrar alivio
en tu misericordia.
Por Jesucristo, nuestro Señor.
R. Amén.

- En el momento de **la adoración de la cruz** el celebrante lo hará con una genuflexión o una inclinación profunda. El resto de la asamblea lo hará por medio de **una genuflexión o inclinación profunda** cuando la cruz sea mostrada, y lo harán **cada uno sin moverse de su lugar**. Se podría invitar, también, a todos los participantes a la liturgia a que hagan un momento de oración, en silencio, mientras se contempla la cruz. **Se evitará, en cualquier caso, la procesión de los fieles** en este momento de la celebración.

e) VIGILIA PASCUAL

- Dependiendo de las normas civiles sobre restricción de la libre circulación de los ciudadanos, elíjase **una hora adecuada para el comienzo de la celebración que facilite a los fieles la participación en la misma y el regreso a sus casas** al finalizar.

- El "inicio de la vigilia o lucernario" se puede hacer a la entrada del templo. El celebrante principal deberá estar acompañado por **un número limitado de ministros**, mientras **todos los fieles se mantendrán en sus lugares**. Se bendice el fuego, se hacen los ritos de preparación y se enciende el cirio tal como indica el Misal. El sacerdote y los ministros, manteniendo la distancia de seguridad, hacen la procesión por el pasillo central y se cantan las tres invocaciones "Luz de Cristo". **No es recomendable repartir entre los fieles las velas** y que las vayan encendido del cirio y luego pasen la luz unos a otros. Después de las invocaciones se canta el Pregón Pascual.

- La "Liturgia bautismal" se celebra tal y como viene indicada en el Misal. La presencia de la asamblea aconseja **no omitir el rito de la aspersión** después de la renovación de las promesas bautismales. Tómese la precaución, sin embargo, de **evitar el contacto con el agua que se va a bendecir** cuando esta se prepare, y que **el sacerdote higienice las manos** con gel hidroalcohólico antes de la aspersión.

- No parece aconsejable, dadas las circunstancias, celebrar el bautismo de niños durante la Vigilia Pascual. Si se han de administrar los sacramentos de la Iniciación Cristiana a adultos o si al final se celebra el bautismo de algún niño, **hágase con todas las medidas higiénicas y sanitarias** que garanticen que los signos y ritos se hagan adecuadamente, pero de forma segura, especialmente los que implican el contacto, como las unciones.

Seguimos rezando por el fin de la pandemia, por los difuntos, los enfermos y sus familias, y por todos los que dedican su esfuerzo a paliar las consecuencias de esta crisis que estamos viviendo, esperando que la celebración de los días de la Pasión, Muerte y Resurrección del Señor sean un auténtico encuentro con Él, que fortalezca la fe, esperanza y caridad de todos los fieles.

Nota: estas indicaciones pueden verse afectadas por las disposiciones que las autoridades sanitarias puedan emitir en un último momento, concretamente las referidas al aforo de los lugares de culto y a la modificación del toque de queda.

Antonio Rodríguez Basanta

4.2.4. Carta do delegado a todos os sacerdotes

Ferrol, 23 de marzo de 2021

Estimado compañeiro e irmán:

O motivo desta carta é convocarte para **a celebración da MISA CRISMAL** que terá lugar na **Catedral de Mondoñedo o vindeiro día 30, martes, ás 11 hs.** Será presidida por Mons. Santiago Agrelo OFM, arcebispo emérito de Tánxer.

Tamén che mando un resume da **normativa da CEE** que seguramente coñecerás para esta Semana Santa.

Sen máis, esperando que te encontres ben e coa esperanza de vivir intensamente estes días culminantes do ano litúrxico, recibe un cordial saúdo.

Antonio Rodríguez Basanta

4.3. SEMINARIO DIOCESANO

4.3.1. Carta do reitor

Ferrol, 12 de marzo de 2021

Querido irmán sacerdote:

O vindeiro día 19, solemnidade de san Xosé, celebramos como xa é tradicional o Día do Seminario. Precisamente neste ano, que está dedicado polo papa Francisco a este santo Patrón, celébrase co lema “Pai e irmán, coma san Xosé”.
Desde fai xa décadas adoecemos na Igrexa dunha falta vocacións ao ministerio sacerdotal debido a múltiples factores por todos coñecidos. Quedan atrás os tempos dunha “Igrexa de cristiandade”, fecunda en vocacións, e estamos, desde fai xa tempo, nunha nova situación de “postcristiandade” que nos obriga a cambiar a mentalidade e os métodos para afrontar desde a acción misioneira unha nova realidade.

Con todo, neste momento, na nosa Diocese contamos con catro seminaristas. Este son os seus nomes e procedencias:

- Jaime Iglesias García, diácono na UPA de Caranza - O Pilar de Ferrol, nacido en Cuba, viviu na súa infancia e adolescencia en Santa Icía de Ferrol, pasou polo Seminario en dúas etapas e será ordenado presbítero o vindeiro día 24 de abril en Mondoñedo.
- Salvador Calvo Bereguer-Aneiros, vocación adulta, natural de Ferrol, está rematando os estudios eclesiásticos e reside no Seminario maior de Santiago.
- Darío Trujillo Valencia, natural de Colombia, cursa terceiro dos estudos eclesiásticos e reside tamén no Seminario de Santiago.

- Álvaro Suárez Medina, natural das Palmas de Gran Canaria, cos estudos eclesiásticos xa rematados cos salesianos e os ministerios de lector e acólito recibidos, reside e colabora pastoralmente na UPA de Foz.

Coma cada ano, especialmente nestas datas, non deixemos de “rogar ao Dono da mese que mande obreiros á súa mese”, e de concienciarnos e concienciar ás nosas comunidades da necesidade que temos hoxe en día de “discípulos misioneiros” comprometidos polo reino. Tamén, como de costume, se fará a colecta do Día do Seminario.

Co desexo de que nos encontremos ben e con bo ánimo, recibe unha aperta.

Antonio Rodríguez Basanta

Xaneiro

Febreiro

Marzo

5. CRÓNICA DIOCESANA

XANEIRO

Luns11
BURELA
Os centros de menores "San Aníbal" atenderon a corenta e sete nenos e mozos durante o 2020

A acollida e a promoción das persoas, especialmente nestes tempos de crise social e económica, caracterizan a acción das Fillas do Divino Celo-Rogacionistas. Os centros xestionados por esta comunidade relixiosa, que conta co apoio dun equipo multidisciplinar integrado por unha vintena de profesionais, ofrécelles aos rapaces unha alternativa ao internamento, permitíndolles que sigan vivindo coas súas familias, axudando a estas a que melloren a súa situación de dificultade e teñan un tempo para reorganizar a súa vida da maneira máis beneficiosa. A atención personalizada atinxeáreas como a educación, a formación, a saúde física e psíquica e o desenrolo harmónico dapersonalidade.Estes centros atenderon a corenta e sete rapaces ao longo do ano 2020, trinta e cinco no Centro de Atención de Día e docena Casa de Familia.

Domingo 17
DIOCESE
Día da Infancia Misioneira

Co obxectivo de espertar o sentido misioneiro dos nenos celebrouse unha nova Xornada da Infancia Misioneira, impulsada desde a comisión episcopal de Misións e as Obras Misionais Pontificias baixo o lema "Somos familia".A nosa delegación diocesanalembrounos a través dos materiais repartidos polas parroquias e colexios que Igrexa é a única familia para moitos nenos no mundo.

Xoves 21
FERROL
A Xunta adxudica a restauración do santuario de Nosa Señora das Angustias

Cun investimento superior aos 114.000 euros e un prazo de execución de doce semanas, o obxectivo destes traballos é resolver os problemas de humidades que afectan ao inmoble desde hai tempo. Para levalos a cabo, a Xunta de Galicia e a diocese asinaron un convenio de colaboración que permitirá ao ente rexional a utilización dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións no monumento. O santuario da Nosa Señora das Angustias foi construído pola confraría homónima a finais do século XVIII e é un ben catalogado incluído no plan de Ferrol. Tanto o inmoble como a súa contorna atópanseno ámbito de protección do Camiño Inglés.

Luns 25
FOZ
As Igrexas católica e evanxélica, da man en Foz

Convocados pola delegación de Ecumenismo, a diocese celebrou a Semana de Oración pola Unidade dos Cristiáns do 18 ata o 25 de xaneiro, último día do octavario e motivo da celebración da conversión de san Paulo. Esta semana de oración axuda a católicos, ortodoxos, anglicanos e evanxélicos a manterse unidos como comunidade eclesial. Na nosa diocese destacamos a celebración ecuménica conxunta que tivo lugar no templo parroquial de Foz, coa participación das comunidades católica e evanxélica presentes neste concello mariñán. Como representantes das comunidades actuaron o párroco e actual administrador diocesano, Antonio Valín, e Daniel Berroa, pastor da comunidade evanxélica, denominada "Embaixada do Ceo". Foi unhaacción sinxela e emotiva, onde por primeira vez en Foz as dúas Igrexas puideron compartir os seus carismas, "poñerse cara" e coñecerse. Na parte final procedeuse ao intercambio de varios símbolos: un farol aceso, representantivo da luz de Cristo, o cirio pascual e unha planta, como sinal de que estamos chamados a coidar a relación polo ben das dúas comunidades que coidan a dimensión espiritual do seu pobo. A animación do acto púxoa o grupo musical Embaixada.

FEBREIRO

Luns1
DIOCESE
As dioceses galegas optimizan o tratamento administrativo das celebracións de exequias

Na liña de buscar a maior transparencia e efectividade nos trámitese seguindo as indicacións da Conferencia Episcopal, as dioceses que integran a provincia eclesiástica de Santiago acordaron un modo de proceder conxunto para o tratamento administrativo das celebracións de exequias. Aínda que se trata de circunstancias nas que prima o acompañamento humano e pastoral, hai un aspecto administrativo que se debe abordar con transparencia. Para facilitar estes trámites, as diocese galegas puxeron en funcionamento o portal web www.exequiasdiocesis.gal. Deste xeito, establécese que as empresas funerarias, unha vez acordada a celebración do funeral co párroco, abonen as taxas correspondentes, segundo a táboa de aranceis vixente, mediante trasferencia a unha conta bancaria da parroquia. Para implementar este novo sistema mantivéronse reunións coas asociacións de pompas fúnebres para explicarlles o procedemento, resolver posibles dúbidas e realizar os axustes pertinentes. Así mesmo, estase a informar aos sacerdotes para que, de maneira paulatina, ao longo dos meses de febreiro e marzo, en toda Galicia se vaia implantando plenamente este novo sistema.

Martes 2
FERROL
Eucaristía na Xornada Mundial da Vida Consagrada

A concatedral de San Xiao acolleu unha eucaristía para celebrar a Xornada Mundial da Vida Consagrada, este ano baixo o lema «A vida consagrada, parábola de fraternidade nun mundo ferido».Como Igrexa, recordamosneste día a estes homes e mulleres que, no medio de innumerables desafíos, ao bordo do camiño ou no recuncho máis inhóspito dunha barriada calquera, convértense en axuda para as feridas do mundo. Así o fixo o administrador diocesano, Antonio Valín, quen presidiou por primeira vez na cidade unha celebración tralo seu nomeamento. Durante a homilía quixo agradeceraos consagrados e consagradas da nosa diocese que fosen “luz en medio de tanta escuridade, bálsamo que cura tantas feridas”. A misa foi concelebrada polo delegado diocesano para a Vida Consagrada, Román Escourido, e retransmitida en directo pola canle diocesana de Youtube. Participaron moi activamente, tanto na preparación da eucaristía como no seu desenrolo, o equipo diocesano da CONFER e representantes das comunidades relixiosas presentes na comarca de Ferrolterra.

Xoves 11
DIOCESE
Xornada Mundial do Enfermo

Partindo da mensaxe do papa Francisco, o departamento de Pastoral da Saúde da Conferencia Episcopal Española, coa campaña e co lema “Coidémonos mutuamente”, colocounos en camiño como discípulos misioneiros e sandadores, responsables da nosa saúde e da dos demáis. Desde a Pastoral da Saúde da nosa diocese, fiel no seu compromiso e misión ao mandato evanxélico “ide e curade”, e en colaboración cos grupos da Hospitalidade de Lourdes, organizou unha eucaristía nesta xornada tan especial, que tivo lugar na igrexa parroquial de Santa Icía de Trasancos, en Ferrol. Na intemperie da dificultade que estamos a sufrir pola pandemia da COVID-19 cobran especial sentido as palabras de Xesús: “Non estades sós”, “Eu estarei con vós tódolos días ata o fin do mundo”.

Martes 16
FERROL
Visita do conselleiro de Cultura á igrexa de Dores

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, Román Rodríguez, anunciou en Ferrol o inicio das obras de restauracion do templo parroquial de Nosa Señora das Dores, que van supoñer o dar unha nova vida a este lugar e corrixir os problemas estruturais que propiciaron que tivese que pechar ao culto no ano 2018. Estes traballos centraranse na fachada, estrutura, cuberta e sistema de evacuación de pluviais, poñendo especial atención na zona das torres, onde existe un progresivo desprazamento que está a provocar a fractura da bóveda. A inversión fixouse en 225.000 euros, cun prazo de execución de seis meses. O conselleiro estivo acompañado polo ecónomo diocesano, Xoán Xosé Fernández; os párrocos da UPA Ferrol-Centro, Antonio Rodríguez e Xosé Francisco Delgado; o alcalde de Ferrol, Ángel Mato; o deputado autonómicoJosé Manuel Rey Varela; o delegado da Xunta na provincia da Coruña, Gonzalo Trenor; así como, de representantes da confraría do

Santísimo Cristo da Misericordia e María Santísima das Dores, irmandade que ten a súa sede canónica e domicilio social no templo.

Sábado 20
DIOCESE
Xornada virtual "Testemuñas de Cristo na diocese de Mondoñedo-Ferrol"

Hoxe máis ca nunca o mundo necesita a esperanza e o testemuño de persoas humildes e sinxelas que entregano seu día a día a Deus. Precisamente un dos obxectivos do noso Plan Pastoral é "ofrecer testemuños de esperanza", o cal, desde a vigairía de Evanxelización quixeron concretar en "dar a coñecer os grandes testemuños de fe da nosa igrexa diocesana". Para iso organizou unha xornada de formación a través de plataforma virtual ZOOM na que o teólogo Segundo Pérez López achegounos á vida dalgúns deles. O evento foi puntualmente anunciado a través dos medios de comunicación da diocese coa finalidade de que participasen o maior número de persoas posible, organizándose previamente nas UPA, para os que tivesen maiores dificultades á hora de conectarse puidesen gozar tamén deste espazo de formación.

Sábado 27
FERROL
Encontro do administrador diocesano cos seminaristas maiores

A Domus Ecclesiae foi o escenario elixido para o encontro periódico dos seminaristas maiores da nosa diocese. Darío Trujillo, Salvador Calvo, Álvaro Suárez e o diácono Jaime Iglesias puxeron en común as súas vivencias e recibiron o consello e a axuda tanto do administrador diocesano, Antonio Valín, como do delegado do Clero e reitor do Seminario, Antonio Rodríguez. Foi un momento de convivencia moi esperado por todos, que comezou cun tempo de oración e reflexión, e permitiulles poñer en común algúns proxectos relacionados co ámbito vocacional; todo iso baixo o prisma do Plan Pastoral para 2021 e a nova organización parroquial en UPA impulsada polo pai Luis Ángel de las Heras, CMF.

MARZO

Luns 1
DIOCESE
Festa de san Rosendo

Como sempre a festa do noso patrono tivo unha especial resonancia na Catedral de Mondoñedo, onde se celebrou a misa solemne, manténdose todas as medidas sanitarias e de aforo vixentes debido á pandemia. A cerimonia estivo presidida polo administrador diocesano, Antonio Valín Valdés, ao permanecer a diocese en situación de sede vacante.

Mércores 17
RIBADEO
O proxecto “O Fin do Camiño” foi presentado en Ribadeo

Inaugurouse na igrexa parroquial de Santa María do Campo a mostra itinerante “O fin do Camiño”, organizada polo Colectivo Egeria, e que conta co patrocinio da Xunta de Galicia a través do programa “O teu Xacobeo”. As fotografías son de dous destacadosartistas galegos, Eduardo Ochoa e Carlos Puga, que reflicten as súas persoais visións dos Camiños a Compostela, afastándose das típicas imaxes turísticas e centrándose nos aspectos humano e monumental. Pola súa parte, os textosabordan o tema dofin do Camiño como expresión dos sentimentos que moven ao peregrino para emprender esta ruta milenaria, adicándolle capítulos especiais ao ámbito da fe. A mostra conta tamén coa colaboración da Asociación de Municipios del Camino de Santiago y Acogida Cristiana del Camino, da Catedral de Santiago, e da plataforma GaliciaDigital, que desenvolveu a páxina web do proxecto. Asistiron ao acto o párroco de Santa María, Gonzalo Varela, o delegado de patrimonio da diocese, Juan Estévez, e Xulio Xiz, presidente do Colectivo Egeria. A exposición percorreu durante o 2019 o Camiño Francés, e no 2020-2021 está a visitar todos os concellos da provincia de Lugo polos que pasan os Camiños de Inverno, Primitivo, Norte e Vía Kunig.

Sábado 20
FERROL
Profesión dos votos temporais da irmá Gabriela María Carrera

O pasado vinte de marzo, na comunidade do Sagrado Corazón das relixiosas da Orde da Nosa Señora da Mercé de Ferrol, Gabriela María Carrera Chávez, de nacionalidade guatemalteca, realizou publicamente o seu compromiso e entrega a Deus na familia mercedaria, realizando a profesión dos votos temporais. A eucaristía foi presidida polo párroco da UPA do Ensanche, Xoán Xosé Fernández, e contou coa presenza da nai María Dolores Lora-Villar Leonés, superiora xeral das relixiosas da Orde da Mercé. A celebración foi transmitida en directo a través da rede social Facebook, xa que pola emerxencia sanitarianon puideron estar presentes os familiares, amigos e irmás doutras comunidades.Desde a Igrexa particular de Mondoñedo-Ferrol felicitamos calurosamente á comunidade mercedaria de Ferrol pola profesión da irmá Gabriela.

Martes 30
MONDOÑEDO
Presentación do proxecto de restauración das pinturas murais da Catedral de Mondoñedo

O novo Plan Catedrais que prepara a Xunta de Galicia blindará o mantemento e conservación dos cinco grandes templos galegos no horizonte do Xacobeo 2027. Así o avanzou o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, nunha visita á Catedral de Mondoñedo onde anunciou un primeiro investimento de máis de 300.000 euros para a restauración do conxunto mural do presbiterio e da nave central. Trátase dunha actuación para seguir revalorizando un dos máis destacados Bens de Interese Cultural de Galicia e unha das xoias do Camiño do Norte. O proxecto, cofinanciado con fondos FEDER, permitirá resolver os danos na policromía barroca, a pintura mural da nave e o retablo do altar maior. Para poder desenvolver os traballos

a diocese asinou un convenio de colaboración coa consellería para a conservación de varios inmobles eclesiásticos. No acto oficial estiveron presentes, ademais do conselleiro e o delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, o ecónomo diocesanoe o alcalde de Mondoñedo.

RVDO SR. D. MANUEL GARCÍA PAJE

SOR HERMINIA DEL CORAZÓN DE MARÍA GARCÍA OTERO

SOR SAGRARIO PARAPAR FERNÁNDEZ

SOR Mª DEL PILAR ROMALDE DIAZ

SOR MILAGROS DEL SANTO ANGEL CUSTODIO BOLEIRA GONZÁLEZ

6. NA PAZ DO SEÑOR

RVDO. SR. DON MANUEL GARCÍA PAJE

Don Manuel García Paje naceu en Poedo (Ourense) o 18 de febreiro de 1938, ingresando sendo novo na Orde Cisterciense do Mosteiro de Oseira (Ourense). Foi ordenado sacerdote en Burgos o 3 de abril de 1971. Precisamente dentro de poucos días ía celebrar as súas vodas de ouro sacerdotais.

Incorporouse á nosa diocese no pontificado de Mons. Miguel Anxo Araujo como cura de Masma e encargado das parroquias de Coubueira e Vilamor, o 1 de abril de 1974. En 1979 asumiu tamén o encargo de Figueiras. Oficialmente a data de incorporación á nosa diocese foi o 31 de agosto de 1974, asinando o bispo a súa incardinación definitiva o 31 de agosto de 1982. Foi tamén administrador parroquial de Viloalle desde o ano 1987.

A partires de ano 1995 foi nomeado párroco de A Pontenova e Conforto nas Terras de Miranda e Administrador parroquial de Vilameá, Rececende e Moxueira (2003), de San Xoán de Rececende (2004), de san Xiao de Vilaboa, de Vilarmide e Bogo (2006), e de Vilaodrid (2007).

Foi membro do Consello Presbiteral no ano 2007, pasado á condición de xubilado en agosto de 2013.

De don Manuel habería que destacar o seu carácter aberto e afable no trato coa xente, sempre disposto a servir pastoralmente aos fregueses a pesar das moitas parroquias que chegou a atender, destacando entre outras moitas obras e iniciativas, a promoción do Santuario de Nª Srª de Conforto.

Ultimamente, xa xubilado en Ourense, colaboraba na parroquia de Nosa Señora de Fátima, onde precisamente faleceu de forma repentina o pasado día 19 de febreiro. O domingo 21 tiveron lugar as exequias en dita parroquia e a inhumación dos seus restos mortais en Poedo, recibindo mostras de cariño por parte dos seus antigos fregueses da Pontenova e a asistencia dunha representación da nosa diocese.

Descanse na paz do Señor.

SOR HERMINIA DEL CORAZÓN DE MARÍA GARCÍA OTERO

Con gran sentimiento, comunico que el 27 de enero de 2021, a las veintidós quince horas, ha fallecido santamente en esta casa de Viveiro (Lugo), la Hermanita Sor Herminia del Corazón de María García Otero, a los noventa y siete años de edad y setenta y tres de vida religiosa, habiendo recibido los Santos Sacramentos y la Bendición Apostólica.

Sor Herminia nació el 23 de mayo de 1923 en Oirán Mondoñedo (Lugo) en una familia muy cristiana. Ingresó en Mondoñedo el 14 de octubre de 1945 en donde hizo su postulantado, pasando después a Palencia donde hizo su noviciado. Tomó al hábito el 30 de abril de 1946. Su primera profesión fue el 30 de abril de 1948, siendo destinada a Santiago, haciendo su profesión perpetua en 1951. Estuvo en las casas de Verín y Sarria, llegando a esta de Viveiro en 1971.

Sor Herminia fue una Hermanita muy sacrificada, entregada y complaciente, Amante de nuestra preciosa misión. Mientras sus fuerzas se lo permitieron, subía a las enfermerías a ayudar a dar de comer a las ancianitas, regalando siempre su sonrisa a los enfermos, empleados y hermanitas. Supo almacenar en su alma una gran vivencia con el Señor, que reflejó en su vida derrochando bondad para con todos los que venían a casa pidiendo su ayuda y consejo. De buena convivencia, inteligencia despierta, viva, entusiasta y alegre. Era muy activa, emprendedora y con muy buenas iniciativas. Pedía constantemente estar con la comunidad, haciéndonos pasar muy buenos ratos con sus anécdotas siempre tan oportunas. Mientras pudo participó en la santa misa y los actos de piedad con gran devoción. Se veía entre sus manos deformadas por sus servicios sacrificados y la enfermedad, su rosario desgranándose constantemente.

SOR SAGRARIO PARAPAR FERNÁNDEZ

Nuestra querida hermana, Avelina (Sor Sagrario en la vida religiosa) Parapar Fernández (Lina, como la llamábamos familiarmente) se nos fue a gozar eternamente de la presencia del Señor en el cielo el día 12 del pasado mes febrero. Su muerte nos ha sorprendido, pues a pesar de tener problemas de inmovilidad, llevaba la vida de comunidad con normalidad. Nos ha dejado un gran vacío, pues era muy amante de la vida fraterna. A pesar de la dificultad (últimamente estaba en silla de ruedas) intentaba asistir a todos los actos de comunidad, incluso a los recreos donde se sentía feliz. Tenía mucho sentido del humor, pero muy discreta en el trato y mucha sabiduría práctica.

Nació en Viveiro, el día 28 de enero de 1933 en una familia profundamente religiosa. Era la menor de 11 hermanos. Desde joven sentía la vocación a la vida religiosa contemplativa y su convento sería este de Concepcionistas Franciscanas, que ya visitaba con frecuencia, pero, dada la situación del monasterio de Zamora, que empezaba a sentir la falta de vocaciones y al mismo tiempo era mejor clima para su salud, accedió a entrar en el de Zamora donde vivió 41 años, siendo muy querida de su Comunidad y de los seglares que la trataron, ya que han sido muchos, pues ejerció el oficio de tornera. Tenemos un testimonio de unas grandes amigas que transcribimos a continuación: “Con sólo 3 tres palabras, ya sabía Sor Sagrario, quien éramos los que estábamos en el torno. Seguro que San Pedro, la tiene de ayudante para reconocer a todos los que suben al cielo”.

¿Cómo resumir en palabras tantas vivencias, tantos recuerdos, tantos momentos? Mujer de gran vocación, con un inmenso espíritu de servicio y entrega. Dejó su primer convento, en su Viveiro querido, para formar parte del de Zamora. Tuvo que volver a dejar el sonido de las cigüeñas, de la Iglesia del Carmen, por las gaviotas, de la Iglesia de Santa María.

Sor Sagrario, para todos los zamoranos, Sor Lina para los vivarienses, monja agradecida y cariñosa todo el tiempo que pasábamos con ella sabía a poco. Cualquier situación en hospitales, en la sala de la labor, en el patio, en la iglesia, al despedirnos en la portería, fueron tantos momentos compartidos y vividos con la alegría de la Fe y la esperanza en Dios.

Cuantos buenos momentos pasados en el, tristemente cerrado, convento de Zamora. Y, que maravillosos e intensos 12 veranos, llamando a las 4 de la tarde, en la portería del convento de Viveiro.

Volviendo a encontrarnos y disfrutar junto a ti y tus hermanas con esa acogida llena de cariño, ya por todas considerándonos parte de vosotras.

Sor Sagrario sigues con nosotras, Mari Merce y Rosa, te llevamos en nuestro corazón. Tú lo sabes. Porque tuvimos la dicha de disfrutarte más años y pudimos compartir contigo nuestra "morriña" por: Sor Tran, Sor Pre y Madre Natividad. Ahora sabemos que tú también estás cuidándonos desde el Cielo junto a nuestro Señor Dios."

SOR Mª DEL PILAR ROMALDE DIAZ

Religiosa de la Compañía de María. Nació en Ferrol el 9 de marzo de 1930, se educó en el Colegio de Ferrol. Entró en el noviciado de San Sebastián en el año 1952 e hizo los primeros votos en 1954.

Fue una persona buena, detallista, acogedora, comprensiva, trabajadora, con inteligencia práctica y una excelente memoria siempre al servicio de los demás. Educadora nata a la vez que exigente. Todos sus alumnos la recuerdan con mucho cariño por el interés que ponía en su formación Fue muchos años la administradora de la comunidad. Era generosa y cercana para que cada persona se sintiera bien y feliz.

Pasó por la vida siendo fiel a Dios, fiel a la comunidad, fiel a su familia, fiel a la amistad. Falleció en Ferrol el 21 de febrero de 2021. Ya está con nuestro Padre Dios y a Él le damos gracias por su vida.

SOR MILAGROS DEL SANTO ANGEL CUSTODIO BOLEIRA GONZÁLEZ

Con profundo sentimiento comunico que el día tres de marzo de 2021, a las catorce horas, ha fallecido santamente en esta casa de Viveiro (Lugo), la Hermanita Sor Milagros del Santo Angel Custodio Boleira González, a los 98 año de edad y 80 de vida religiosa, habiendo recibido los Santos Sacramentos y la Bendición Apostólica.

Sor Milagros nació el 25 de diciembre de 1922 en Lebosende (Ourense) en el seno de una familia muy cristiana. Ingresó en o Carballiño el 12 de junio de 1938, pasando después a Palencia, donde hizo toda su formación, tomando el Hábito el 30 de abril de 1939. Su primera Profesión fue el 30 de abril de 1941, siendo destinada a esta Casa de Viveiro donde hizo su profesión perpetua, permaneciendo aquí el resto de su vida, durante ochenta años.

En Viveiro, Sor milagros supo estar. Como solemos expresarnos, se ganó la plaza siendo obediente y responsable en el servicio de la cocina y porque Dios quiso que fuera así. Destacó por su servicio de total entrega: Hermanita serena, delicada, oportuna. Cuidaba su trabajo con mimo y siempre llena de humor, con una palabra oportuna. Fue querida por su humildad, discreción y sencillez, sin publicidad. Consagrada fiel a sus votos, que con tanta ilusión prometió y que en su vida observó llena de gran amor a Dios.